

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ANUNCIO do 26 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto do trazado do itinerario e pasarela peonil no treito alternativo do camiño de Santiago (Camiño Inglés), no concello de Santiago de Compostela (expediente 2025/0118).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 25 de maio de 2026 do proxecto do trazado do itinerario e pasarela peonil no treito alternativo do camiño de Santiago (Camiño Inglés), no concello de Santiago de Compostela (A Coruña), promovido pola Axencia de Turismo de Galicia.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón: <https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2026

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

CVE-DOG: qqovmoo2-6lf5-du98-fmz2-ulyqfzo28160

